

## **9/2020. ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO CONCELLO PLENO DE MUGARDOS O DIA 29 XULLO DE 2020.**

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Mugardos, sendo as nove horas do día 29 de xullo do ano dous mil vinte, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, celebrada a porta pechada, a fin de garantir as condicións de seguridade, autoprotección e distanciamento social, baixo a presidencia do alcalde-presidente D. Juan Domingo de Deus Fonticoba, con asistencia das/dos concelleiras/os Dna. Ana María Varela Bastida, D. José Miguel Mahía Prados, Dna. Begoña Roldós Iglesias, D. Jorge Manuel Kuntz Peiteado, Dna. Maria del Pilar Diaz Otero, D. Iván Martínez González, Dna. María Dolores González Lorenzo, D. Genaro Prieto Iglesias, D. José Ángel Martínez Bardanca, Dna. Marta Ruiz del Ganso, D. Ignacio Fernández Fernández e D. Argemino Varela Filgueiras. Asiste tamén a interventora municipal, Dna. Ana María Gómez Peña.

Actúa como secretario accidental o funcionario, D. Diego Seijo Alonso, en virtude do nomeamento efectuado por Resolución do Director Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia de data 13.05.2014, e de acordo coa comunicación efectuada á Dirección Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia en data 20.07.2020, ao abeiro do acordo adoptado mediante a Resolución da Alcaldía núm. 623/2020, de 15.07.2020.

Aberta a sesión pola Presidencia, éntrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

### **1.- APROBACIÓN DA ACTA DAS SESIÓNS ANTERIORES REALIZADAS OS DÍAS 16.06.2020 (6/2020) E 23.06.2020 (7/2020).**

**Sr. Alcalde** (que traducido di): Comezamos co primeiro punto da orde do día, aprobación da acta das sesións anteriores realizadas os días dezaseis do seis e vinte e tres do seis. Comezamos coas actas do día dezaseis do seis, algo sobre as actas... nada, votamos entón. Votos a favor. É a favor todos ¿non?

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar a súa aprobación á acta da sesión que de seguido se relaciona:

- Acta da sesión extraordinaria realizada o día 16.06.2020 (6/2020).

**Sr. Alcalde** (que traducido di): Bueno, pasamos ao seguinte punto... perdón, á seguinte acta, a do vinte e seis do seis. ¿Algo sobre as actas?, ou ese acta... votos a favor.

E o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar a súa aprobación á acta da sesión que de seguido se relaciona:

- Acta da sesión ordinaria realizada o día 23.06.2020 (7/2020).

**2.- RATIFICACIÓN DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA NÚMEROS:  
-538/2020, SOBRE ASUNTO: APROBACION DO PLAN PROVINCIAL DE  
COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL  
ADICIONAL 2/2020. POS ADICIONAL 2/2020.**

**-573/2020, SOBRE ASUNTO: POS+ ADICIONAL 2/2020**

**Sr. Alcalde** (que traducido di): Bueno, pasamos ao segundo punto. Ratificación das resolucións da Alcaldía números 538/2020 sobre asunto, aprobación do Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal adicional 2/2020, POS Adicional 2/2020, e 573/2020, sobre asunto POS Adicional 2/2020. Bueno, ¿algo sobre este punto?. Nada, pois... ¿si?, ¿queres intervir?.

**Sra. Díaz Otero:** Bueno, bos días a todos e a todas. Nós vamos a anunciar o noso voto favorable á ratificación das dúas resolucións da alcaldía, e queremos manifestar tamén que si pode ser se teña en consideración, xa sabemos que foron enviadas as solicitudes de tramitación de autorizacións, incluso previo ao ditame da comisión, porque foron enviadas o día 23 de xuño e a comisión foi o día 26, para a aprobación deste POS. Pero en todo caso si que nos gustaría apuntar que si é posible se estude no Camiño da Cruz de Mehá, que non ten nada que ver co proxecto, que se inicie un expediente de titularidade pública do camiño, dado que xa está realizado o levantamento topográfico da totalidade do camiño e dado que a obra se vai a executar na parte que é pública, como é lóxico, e que consta no inventario municipal, pero que como todo o mundo sabemos non recolle a totalidade das vivendas que se foron executando durante diferentes anos ao longo dese camiño, por non ser de titularidade municipal. Entonces dado que xa está realizado o levantamento topográfico, de fai un par de anos, rogaríamos que se inicie o expediente de titularidade pública da totalidade do camiño ata e... Santa Lucía. E en canto ao Camiño da Redonda si que queremos manifestar a nosa disconformidade co aglomerado da zona de mirador, cremos que non é un bo acabado para esa zona, nun entorno natural, e que probablemente o aglomerado non sexa a mellor solución para o conxunto do vial, que está xa asfaltado, puidendo buscar outro tipo de acabado, dado ademais a afectación patrimonial que ten pola presenza do castelo próximo a este... a este camiño. E despois en canto ao camiño de Franza de... de Abaixo, cremos que pode haber un marxe, dado que a aportación que fai a Deputación é de 80.429 euros e a totalidade do proxecto non chega aos 81.000, para que se puidera, o tramo que ademais é onde conflúe ese camiño, que está contemplado no proxecto, se poida aglomerar, dado que ten ese tramo con bastantes dificultades debido ás diferentes aperturas que se foron facendo dese camiño, ben pola conexión da auga, do alcantarillado ou de diferentes obras que se foron facendo por parte da veciñanza. Creemos que hai marxe para poder arreglar e que non tería moito sentido aglomerar ese tramo do camiño de Franza de Abaixo, que tamén deberíamos de estudar ampliar e conectar a primeira parte que se vai a facer agora coa parte que xa está aglomerada, dándolle continuidade ao camiño, pero sobre todo dado que entendemos que hai un marxe, facer ese aglomerado da parte que está bastante mal, co cal conecta a obra que se vai a facer. Con todo isto, e non dando importancia a que tódolos POS presentados neste ano, POS 2020, POS Covid e tamén este POS 2/2020 da

Deputación extraordinario veñan por resolución da alcaldía e teñan que ser ratificados neste Pleno posteriormente á resolución da alcaldía.

**Sr. Alcalde** (que traducido di): Si. Abrimos outro turno. Si, palabras. Miguel.

**Sr. Mahía Prados:** Bos días señores concelleiros, señor Alcalde. E... bueno, comezando... en primeiro lugar, queremos agradecer por parte do goberno... que haxa ... bueno, as proposicións dos camiños que recollen dentro deste POS, foron por parte... propostas do único grupo que as presentou, que neste caso foi o Partido Socialista. E logo hai varias cousas que eu non entendo ¿non?, a raíz da... da intervención que acaba de realizar a portavoz de Esquerda Unida, que a min hai algo que me abraia ¿non?, que é que nas comisións non se diga nada e que se diga todo no Pleno. Porque cando se... para tratar este expediente, bueno, isto unido tamén vai a que isto veña por resolución e non se debate en Pleno... bueno, que ao finalizar a súa intervención. Haber, isto se levou a comisión na cal vostedes votaron a favor da urxencia, logo se abstiveron na comisión, logo, despois ameazaron con e... o Pleno que había convocado con impugnalos, porque non se... parece ser que non se había convocado en tempo e forma. Despois solicitan a documentación porque resulta que non a habían lido... entón... haber, o de poñer paus nas rodas... e vostede vai a votar a favor, e agradézolle o sentido do voto, como non podía ser doutra forma, pero cremos que as comisións informativas están para algo, temos comisións informativas cada 15 días, salvo no verán, que son cada mes, e vostede fala dun marxe de mellora que a verdade nós pois descoñecemos, porque non se poden facer aportacións municipais mentres non entre en vigor o Plan Económico Financeiro, xa hai un Pleno Extraordinario convocado para poder debater ese punto, e logo fala de que bueno, en base ao seu criterio non hai conformidade con utilizar o aglomerado no camiño que vai na Redonda... aínda que non son enxeñeiro de camiños e non decido sobre aglomerados, pero mellor do que hai agora, que é nada, é un camiño polo cal é practicamente intransitable por parte dos veciños que viven alí; eu penso que algo mellor é... non me vou a meter en criterios de técnicos, para algo están os enxeñeiros, para algo teñen a súa titulación, a súa formación e para algo fan eles os proxectos, non os políticos. E logo referente ao tema da resolución, ratifícome no dito anteriormente, isto pasouse por comisión, en comisión non se dixo nada, despois cando se tiña convocado o Pleno vostede dixo que o ía a impugnar porque convocouse polo whatsapp, igual que cando o facía vostede por... cando estaba no goberno. Entón pregamos que polo menos nas comisións informativas, nas cales non din nada, as empreguen en dicir toda esta clase de deficiencias que vostedes atopan e poder debatilas e non chegar alí e levantar a man e... e alí non pasou nada.

**Sr. Alcalde** (que traducido di): Bueno, esgotado o turno de... os turnos de intervencións pasamos a votar a proposta de ratificación das resolucións da alcaldía. Votos a favor, abstencións.

Visto que pola resolución desta Alcaldía núm. 538/2020, do 29.06.2020, prestouse aprobación ao POS+ ADICIONAL 2/2020 debido a que o prazo de solicitude remataba ás 15:00 horas do día 30.06.2020; Resolución núm. 538/2020, que debe ser ratificada polo Pleno, no seu caso, para a aprobación do POS+ ADICIONAL 2/2020.

Visto, así mesmo, o requirimento efectuado pola Deputación Provincial de A Coruña, en data 06.07.2020, no relativo á corrección do proxecto da obra “Acondicionamento de viais e camiños municipais do Concello de Mugardos”, presentado na convocatoria do POS+ Adicional 2/2020 Plan de Obras e Servizos (Plan único de Concellos) Anualidade 2020.

E unha vez rematadas as intervencións, o Concello Pleno, tendo en conta o ditame da Comisión Informativa de Obras, Servizos e Medioambiente realizada en data 26.06.2020, por 12 votos a favor (5 PP, 4 EU-SON EN COMÚN, 3 PSOE) e unha abstención (1 BNG), acorda ratificar a resolución da alcaldía núm. 538/2020, de data 29.06.2020, e a resolución da alcaldía núm. 573/2020, de data 06.07.2020, que copiadas literalmente din:

**- RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 538/2020, DE 29.06.2020:**

**“Asunto: APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL ADICIONAL 2/2020. POS+ADICIONAL 2/2020**

*Vista a circular remitida pola Deputación Provincial da Coruña, de data 30.04.2020, relativa á elaboración do POS+ ADICIONAL 2/2020 para gasto corrente/investmentos financeiramente sostibles, por un importe de 88.429,79 euros.*

*Visto que ata a data non se ten aprobado polo pleno da corporación o POS ADICIONAL 2/2020, e que mañá ás 15:00 horas remata o prazo de solicitude de participación no citado plan, polo que xa non hai tempo para adoptar un acordo plenario, pola presente **RESOLVO**:*

*1.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ ADICIONAL 2/2020” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:*

**A) Financiamento de gastos correntes:**

<b>Gastos correntes</b>	<b>Deputación</b>
<i>Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes</i>	

**B) Financiamento de investmentos financeiramente sostibles:**

<b>Investimentos financeiramente sostibles SI incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020</b>	<b>Financiamento dos investmentos</b>		
	<b>Deputación</b>	<b>Concello</b>	<b>Orzamento total</b>
<b>TOTAL</b>			

<i>Investimentos financeiramente sostibles NON incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020</i>	<i>Financiamento dos investimentos</i>		
	<i>Deputación</i>	<i>Concello</i>	<i>Orzamento total</i>
<i>ACONDICIONAMENTO DE VIAIS E CAMIÑOS MUNICIPAIS CONCELLO DE MUGARDOS</i>	80.869,26 €	-	80.869,26 €
<b>TOTAL</b>	80.869,26 €	-	80.869,26 €

*Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que non estaban incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020 e que se relacionan nesta táboa.*

**C) Resumo:**

<i>RESUMO POS+ADICIONAL 2/2020</i>	<i>Financiamento</i>		
	<i>Deputación</i>	<i>Concello</i>	<i>Orzamento total</i>
<i>Gastos correntes</i>			
<i>Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020</i>			
<i>Investimentos non incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020</i>	80.869,26 €	-	80.869,26 €
<b>TOTAL</b>	80.869,26 €	-	80.869,26 €

*2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.*

*3.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2020 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2020, se a houbera.*

*4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.*

*5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.*

*6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.*

7.- *Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.*

8.- *Ratifíquese a presente resolución polo Pleno da Corporación, se así o considera convinte. Mugar dos, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo alcalde.”*

**- RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 573/2020, DE 06.07.2020:**

***“Asunto: POS+ ADICIONAL 2/2020. APROBACIÓN PROXECTO CORRIXIDO.***

*Dando cumprimento ao requerimento efectuado pola Deputación Provincial da Coruña de data 06.07.2020, relativo á corrección do proxecto da obra “Acondicionamento de viais e camiños municipais do Concello de Mugar dos”, presentado na convocatoria do POS+ Adicional 2/2020, Plan de Obras e Servizos (Plan único de concellos), pola presente **RESOLVO:***

*1º.- Prestar aprobación, ao proxecto: “ACONDICIONAMENTO DE VIAIS E CAMIÑOS MUNICIPAIS CONCELLO DE MUGARDOS”, polo importe de 80.869,26 euros, IVE incluído, redactado pola arquitecta Carolina Martínez Vila e asinado dixitalmente en data 03.07.2020, e que figura incluído na anualidade 2020 do Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan único de concellos) POS+ ADICIONAL 2/2020.*

*2º.- Queda, en consecuencia, sen efecto a aprobación do proxecto, efectuada pola Resolución da Alcaldía núm. 538/2020, de 29.06.2020.*

*3º.- Ratifíquese a presente resolución polo Concello Pleno se así se considera convinte.*

*Mugar dos, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo alcalde.”*

**3.- MOCIÓN DO VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE, SOBRE A REPOSICIÓN DO SERVIZO DE PEDIATRÍA NO CENTRO DE SAÚDE DE MUGARDOS.**

Tras deliberación, sométese a votación a moción presentada polo voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE sobre a reposición do servizo de pediatría no Centro de Saúde de Mugar dos, e o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar aprobación á moción e, en consecuencia, adoptar o seguinte acordo:

1.- Instar o Goberno Municipal mediante o apoio plenario desta moción a buscar solucións ante a Xunta, a maior brevidade posible para repoñer o servizo de pediatría no Centro de Saúde de Mugar dos.

2.- Enviar o acordo adoptado a Consellería de Sanidade.

**DELIBERACIÓN**

**Sr. Alcalde** (que traducido di): Bueno, pasamos ao punto tres, que é moción do voceiro do grupo municipal do PSOE sobre a reposición do servizo de pediatría no centro de saúde de Mugar dos. Ten a palabra o poñente da moción.

**Sr. Martínez Bardanca** (que traducido di): Bos días. Pois esta moción ven xa... é moi parecida a unha que presentamos en marzo deste ano, e ao final a retiramos porque se chegou ao acordo de levarse á comisión. Entón nese momento pois o que se fixo pois... por parte do goberno municipal, colleuse a nosa moción, a nosa proposta e fomos a falar co... co... bueno, pois co encargado do Sergas aquí na zona de Ferrolterra, e de aí pois saíu máis ou menos, chamémoslle un compromiso polo cal se ía a repoñer o servizo de pediatría en Mugar dos. Así foi, houbo un pediatra durante o prazo... ata o mes de abril, bueno, ata que comezou o confinamento, e a partir de aí pois coa desescalada vimos pois que estábamos outra vez con... bueno, digamos, non temos un pediatra asignado a Mugar dos, e ese é motivo desta... desta moción, ¿non?, de que bueno, pois e... continuamos coa mesma... coa mesma situación na que estábamos en febreiro deste ano. Entón nós o que facemos é instar ao goberno municipal a que mediante o apoio plenario desta moción se busquen solucións ante a Xunta, a maior brevidade posible para repoñer o servizo de pediatría no Centro de Saúde de Mugar dos, e enviar o acordo adoptado a Consellería de Sanidade. Nese sentido todos creo que somos coñecedores de cal é a situación da pediatría no noso pobo.

**Sr. Alcalde** (que traducido di): Bueno, pois ábrese un primeiro turno de intervención, ¿palabras?. Gemino.

**Sr. Varela Filgueiras**: Si, bueno, bo día a todos e a todas. Nós dicir simplemente que imos votar a favor desta moción porque indubidablemente preocupáanos a situación sanitaria en xeral e en particular a situación do pediatra no centro de saúde de Mugar dos. Pero tamén queremos dicirlle ao PSOE que non sei que é o que lle fai pensar que a aprobación desta moción vai a cambiar algo, porque é certo que máis ou menos o que pide creo que está recollido no punto décimo e no punto undécimo da moción que presentou o BNG no mes de febreiro, e que foi aprobada en Pleno e que a día de hoxe está sen cumprir. E leo o punto número dez que era instar á Xunta de Galicia á reposición do servizo de pediatría. E no punto número once era instar ao goberno municipal a volver a solicitar unha nova xuntanza co xerente da Área Sanitaria. E como digo, a día de hoxe está sen cumprir. É máis, as palabras do Alcalde nese Pleno eran que eu acepto o que diga a corporación, si queredes ir a unha reunión pois vaise a unha reunión. Como digo, son palabras do Alcalde nesa moción do BNG e a corporación, creo que coa aprobación desa moción, xa di claramente que quere volver a solicitar unha xuntanza, cousa que ata o día de hoxe non se fixo.

**Sr. Alcalde** (que traducido di): Bueno... e... si. Bueno, antes de abrir un turno... xa pola alusión que se me fixo directamente... Imos ver, cando un quere unha reunión ás veces non depende só dun, depende tamén do outro interlocutor. E o certo é que independentemente de que se falou coa Xerencia durante todo este tempo e durante o tempo da pandemia, as circunstancias do hospital e da Xerencia pois foron distintas, estase a paliar ou intentando paliar unha pandemia, unha pandemia que afortunadamente neste área sanitaria non é coma noutras

zonas, pero o certo é que está a ocupar unha labor importante dos servizos médicos desta área sanitaria. E entre outras cuestións, o que nos dixeron por activa e por pasiva é que mediante a confluencia de pediatras nos PACs, inténtase evitar, primeiro... centralizar nos PACs... a axuda pediátrica, en canto que entende a área sanitaria que pode prestar un servizo moito máis completos que telos en cada un dos centros de saúde, que é un criterio, repito, que é da área sanitaria, e pódenos gustar máis ou menos, eu tamén querría un pediatra constantemente en Mugarbos, pero as circunstancias actuáis non parecen as máis idóneas para que os facultativos poidan estar máis aló de onde se concentren os esforzos. Indubidablemente todo o mundo querría que tivésemos pois moita máis ampliación da área sanitaria, que tivésemos unha maior atención médica en todo o probable, pero o certo é que nos tempos actuáis... bueno, pois hai uns criterios médicos, que calquera pode dicir que son políticos, pero eu creo que a falta de pediatras é un feito obxectivo, e que eu máis quixera que ter un pediatra aquí, pois mire, si eu teño un pediatra aquí eu soluciono o problema de que digan que o Alcalde non quere reunirse coa área sanitaria. Pero a cuestión non é reunirse coa área sanitaria, a cuestión é darlle unha solución a un problema que non é só desta área sanitaria, que é de toda... que é de toda Galicia e probablemente en España tamén. Entón nos podemos reunir, podemos ir alí, reunímonos, volvemos a esixir que haxa un pediatra e os criterios técnicos e médicos van a ser os que eran antes, que é, non hai pediatras. Podemos... temos varias opcións, crer o que nos din, que non os hai, ou mirar o resto dos arredores de Galicia e ver onde hai pediatras. Porque se é a zona de... da área sanitaria esta onde non hai pediatras e o resto de áreas sanitarias está cheo de pediatras os concellos igual é un problema inherente a esta área sanitaria. Pero eu quero que se vexa o panorama actual, o panorama de pandemia actual o panorama actual de rebrotes en moitos Concellos de Galicia, e que isto non acabou aínda. Entón, independentemente de que eu obviamente defendo que haxa un pediatra en Mugarbos. Pero que sexamos conscientes de que a situación pola que se fixo a última reunión non variou substancialmente, é dicir, non se acabou o virus, os médicos e os centros están como tiñan que estar, están pois coas vacantes que tiñan cubertas, a medida que se vaian cubrindo doutro xeito, e as circunstancias non entendo que circunstancias puideron modificarse para que nesa reunión teñamos argumentos suficientes para cambiar os feitos que nos van a volver a repetir. Si vostede me di, pois si, xa non hai ningún tipo de brote, xa non... España está... está libre de COVID e temos todos unha vacina, bueno... pois sería, sinceramente, difícil de xustificar que non tivésemos un pediatra en cada Concello, oxalá. Eu si queren vostedes, antes de facer unha consulta previa a esa área sanitaria pois na propia... na propia comisión, tamén teñen sanidade aí... pois poñamos os argumentos, entre todos, que vamos a poñer encima da mesa o día que vaiamos a esa reunión. Eu creo que é unha... independentemente de que se diga de ir a unha reunión, creo que as comisións tamén están para encher de contido esas cuestións ¿non?, encher de contidos e argumentos a favor de como imos a ir todos a esa cuestión, ou se só vai a ser un frontón entre partidos, ou se vai a ser para botar en cara os recurtes, non sei que, ou imos a poñer encima da mesa argumentos de peso para ir a unha reunión ou imos a ir para facernos a foto só alí na Xerencia. Pois mire, para fotos eu non estou, eu non estou para fotos. E para min o máis sinxelo é coller e ir alí e dicir, mira, aquí vimos, estamos aquí todos unidos pedindo un pediatra, pero iso tampouco vai a cambiar demasiado as cousas, e repito ¿eh?, non será por non reunirse, eu vou as veces que faga falla á área sanitaria, pero sexamos conscientes do que imos facer. Entón, eu lembro, e lémbroo aquí, que nalgún momento dalgún médico que se foi deste Concello pois algún Alcalde se puxo nunha manifestación para que ese médico non se fose, pero mire, isto non funciona así, os médicos



non se poñan pola vontade popular, pónense porque hai un concurso de traslados e os médicos vanse a outros destinos. Podemos protestar todos, pero ao final hai un concurso de traslados, quero dicir, que está moi ben e eu entendo que hai unha preocupación, obviamente, dentro da poboación Mugardeza por ter un pediatra, pero tampouco caíamos sempre nos tópicos ¿non?, bueno, pois o que non quere ir é porque non quere o pediatra, non é así. Eu creo que o que hai que facer é ter argumentos de peso, e eu creo que os argumentos de peso se teñen nas comisións, onde se enchen de contido, onde podemos falar daqueles aspectos que poidamos facer para forzar que haxa un pediatra en Mugar dos ou por tomar unhas decisións conxuntas. Pero si cada un imos a ir a unha reunión cada un co seu tema non imos facer ningún favor aos mugardezes, dende logo, creo, é a miña opinión. E eu dígoo porque na última reunión, a verdade, cada un foi ao seu tema, cada un foi ao seu tema, non levamos un plan conxunto e cada un dixo que as causas polas que cre que non hai pediatras. Pero mire, isto agora mesmo non soluciona os problemas, o que soluciona os problemas é que haxa pediatras. Entón, bueno, eu o que invito é a que antes desa reunión previa que queren ter con esa área sanitaria, que eu estou encantado de ir alí, teñamos unha reunión na comisión pertinente onde falemos deste asunto e onde poñamos encima da mesa cuestións que sexan distintas ás anteriores. Porque para razonar o mesmo na área sanitaria que o que fixemos na última vez a resposta xa lles adianto cal vai a ser, exactamente a mesma, porque as circunstancias son similares, incluso peores, porque cando fomos á área sanitaria daquela nin había pandemia, creo lembrar. Entón bueno, pois efectivamente, hai un problema cos pediatras. Imos facer, dende logo, todo o que estea na nosa man para que efectivamente poida haber un pediatra aquí e tódolos modelos de presión que poidamos facer, indubidablemente iso tamén é importante. Pero tamén fagamos unidade de acción... fagamos esa comisión... vaíamos a esas comisións e poñamos razóns de peso nese tipo de comisións. Eu é a miña humilde opinión ao respecto. Eu creo que ir a unha reunión sen falar nós previamente pareceríame un erro, pero bueno, eu digo que indubidablemente e... bueno non sei si é o mellor momento para pedir unha reunión, en canto aos desprazamentos ao hospital, pero eu esa reunión a pido indiscutiblemente tamén e non teño ningún problema, agora, eu botaría de menos, sinceramente o digo, que houbera un debate máis reflexivo dentro das propias comisións, eu creo que hai que enchelas de contidos e este é un contido que merece a pena discutir. E non discutir sobre o fondo en si, que é ter un pediatra, senón as maneiras nas que proceder pois a intentar pois presionar á Consellería, si se pode, senón xa digo, eu non sei as... non pido saber se as causas obxectivas son médicas ou non o son, porque non está nas miñas competencias sabelo. Eu entendo que é un tema inherente a tódalas áreas sanitarias e que hai un problema estrutural fundamental, pero xa digo, independentemente de todo iso. Eu pola miña parte nada, déixoche... simplemente quería aclarar esa cuestión, que non é unha cuestión de que eu teña un capricho en non facer unha reunión, eu son o primeiro interesado en ter tódalas reunións, eu falei coa área sanitaria en moitas ocasións, independentemente de que non o dixera, porque os avances son ningún. Polo tanto entendo que hai unha situación complicada, entendo que hai unha situación dunha pandemia que está limitando os reforzos en moitas cousas, e entendo que é unha frustración para todos non ter un pediatra como antes había. Iso o entendo e o comparto, pero eu creo que temos que fixar pois esa unidade de acción de cara a ir a unha Consellería con argumentos entre todos e compartindo un pouco pois os razonamentos que... que creo que son bos cando se vai a intentar levar pois argumentos a unha Consellería, é a miña opinión, a miña humilde opinión, pido estar equivocado, seguramente, pero é unha opinión que eu traslado. En todo caso non se preocupe, eu pido esa reunión, pero tamén pediría que esa

comisión que hai ao mes aquí respecto a estes temas, que si consideran que aínda queda moi lonxana a comisión imos igual á reunión, eu non teño ningún inconveniente, pero cando menos debería de tratarse nalgún órgano municipal porque creo que é un tema que nos importa a todos, e se nos importa a todos o lóxico é que vaíamos todos da man. Creo que... é a miña opinión. Pero xa digo igual estou equivocado en pensar... se isto é o que se quere finalmente. Polo tanto eu pola miña parte xa ceso eu esta aclaración, independentemente de que comparto, obviamente, a moción, e comparto lóxicamente, pois a necesidade esa. Segundo turno, palabras. Gemino, José Ángel e Miguel.

**Sr. Varela Filgueiras:** Si, bueno, simplemente dicir que... que claro, indubidablemente agora temos unha pandemia, pero eu creo que o problema do servizo de pediatría no Concello de Mugardos arranca moito antes desta pandemia. E senón aí temos a manifestación que fixeron os pais e as nais e á cal creo que acudimos tódolos grupos políticos en defensa dese servizo de pediatría. E é certo que cando fomos a aquela reunión pode que cada grupo fora coas súas ideas, pero tamén é certo que alí se nos dixo que aínda que había dificultades para cumprir con ese servizo, o certo é que practicamente xa estaba solucionado, que no momento no que se incorporara a pediatra iso quedaría practicamente solucionado porque atendería aos Concellos de Ares e Mugardos. Vimos que non sei cantos días, xustamente, veu a pediatra, pero ao pouco volveu a desaparecer, e creo que tampouco foi debido á pandemia senón que bueno, é un sistema que se leva... E en canto ao de levar un plan conxunto e debatilo nas comisións paréceme ben, pero entón vostede, que é o que lidera o grupo municipal, e creo que ten que ser o principal preocupado polo servizo de pediatría no Concello de Mugardos, pois faga unha proposta de plan conxunto, léveo a unha comisión, e alí o resto dos grupos diremos si nos vale ou non nos vale e faremos as achegas pertinentes.

**Sr. Alcalde:** José Ángel.

**Sr. Martínez Bardanca** (que traducido di): Bueno, un pouco... porque me perdín o primeiro turno de... no primeiro turno non intervín, pola intervención do Alcalde, entón bueno, quería un pouco responder respondendo á primeira intervención do BNG, pois que claro, efectivamente, nós si que votamos a favor da moción que presentaron eles no seu momento polo... pedindo a nova reunión, non se celebrou a nova reunión, xa tivemos unha reunión, ao mellor pois tampouco ten porque haber unha reunión, simplemente que nos digan un pouco pois ao mellor através do Alcalde, cal é a intención da área sanitaria en canto ao pediatra de Mugardos, si se vai a intentar repoñer ou non se vai a repoñer ese servizo ¿non?. Eu en... en canto ao tema da COVID, efectivamente, estamos nesta nova normalidade, xa, establecidos, eu creo, a área sanitaria de Ferrol, en principio, pois está libre de COVID da zona, ou sexa, de Galicia, entendo que entón estamos xa metidos de cheo nesa nova realidade e teremos que saber se nesa nova realidade vai a haber pediatra ou non, é importante. Esta moción que presentamos nós é como un retomar o tema e volver a inicialo, despois, despois de... da pandemia ¿non?. Intentar volver outra vez a recuperar o saber si efectivamente vai a haber ou non pediatra en Mugardos, si está previsto pola área sanitaria poñer pediatra en Mugardos e empezar a volver a retomar o tema. Eu entendo que ninguén pon en dúbida que ningún grupo dos que estamos aquí quere que non haxa pediatra en Mugardos, porque vamos, sería increíble, ¿non?, que un pobo como Mugardos, que ten déficit de poboación, e sabemos que o servizo de pediatría é algo

que evidentemente pois pode definir se unha familia ven a vivir a Mugar dos ou non, porque non é mesmo ter pediatra, ter servizos fundamentais e básicos como o de pediatría eu creo que... que é moi importante para unha familia á hora de elixir onde vai a vivir ¿non?. E por iso creo que un Concello como Mugar dos, que comparte pediatra con Mugar dos... con Ares, perdón, suman case 12.000 habitantes entre os dous Concellos, pois deberíamos de intentar presionar, facer todo o posible, porque ese servizo siga a existir nos nosos pobos. Simplemente pois ese é o motivo desta moción. Evidentemente non se pode quedar aquí a cousa, non se pode quedar nesta moción, en presentarlle pois á Xunta un documento conforme necesitamos todos... queremos ter pediatra e nada máis, evidentemente. En caso de que non se restableza o servizo de pediatría ou que a área sanitaria nos confirme que non ten previsto que se restableza pois teremos que seguir tomando medidas dende o Concello, dende a Alcaldía e dende onde sexa ¿non?, dende a rúa se é necesario.

**Sr. Alcalde:** Miguel.

**Sr. Mahía Prados:** Ben, e... por aclaracións, para aclarar varias cousiñas. Bueno, referente á moción da que se falaba do... aprobada no Pleno do 26 de febreiro, referente á solicitude tal, tal, recordo que nese Pleno, aparte de que... nós mesmos pedimos que non se votase esa moción tal e como ía porque nós entendíamos que bueno, eran vésperas das eleccións autonómicas... bueno, e que compartindo varios contidos desa moción, como era o tema do pediatra, entendíamos que tiñan que ir segregados, se dixo que non e por iso a nosa postura foi votar en contra daquela moción. Esa moción, precisamente, bueno, o aclarou o Alcalde, eu máis non vou a aclarar, dixo el perfectamente cal era a situación, pero si que quero aclarar unha cousa, ese Pleno, esa solicitude foi o 26 de febreiro, o día 11 de marzo, é dicir, quince días despois, tivemos o primeiro caso de COVID no Concello de Mugar dos, quince días despois. E certo que o tema do pediatra ven de longo e se solucionou temporalmente, xustamente despois desa reunión que mantiveron os portavoces e o Alcalde co... coa Xerencia da Área Sanitaria, se incorporou unha pediatra, que logo foi retirada pola reorganización de... por causa da pandemia, porque quero dicir que foron quince días entre a finalización desa moción e o primeiro caso de COVID que tivemos aquí no Concello, tres días despois dese once foi o Estado de Alarma. Entón, creo que son datas que había que aclarar e como precisamente esta moción trata unicamente de Mugar dos, trata dun problema de aquí da pediatría de Mugar dos, pois obviamente o grupo de goberno tomou a decisión de votar a favor desta moción.

**Sr. Alcalde** (que traducido di): Bueno, pois se quere pechar o relator da moción.

**Sr. Martínez Bardanca** (que traducido di): Bueno, pois paréceme que tódolos grupos van a estar de acordo na moción, o cal alégranos, porque creo que este tipo de motivos, de cuestións, si que son as que realmente deben manternos unidos cando menos a todo o pobo e tratar de que estes servizos, que son fundamentais hoxe en día, e máis nesta situación na que estamos, na que a nosa poboación vai descendendo pouco a pouco e o xeito de atraer a nova poboación pois é intentando manter os servizos que temos e sobre todo pois si se poden aumentar as condicións dos veciños, as condicións de vida, e a mellora das condicións pois é importante. Por iso estamos contentos de que estean todos de acordo nesta moción.

**Sr. Alcalde** (que traducido di): Bueno, é simplemente unha cuestión, xa está todo aclarado sobre a moción, o que dixen antes respecto a isto é que se vota de menos, obviamente, que se poida discutir nunha das comisións ao respecto desta acción... unidade de acción, e eu obviamente, independentemente de que se queira que o goberno faga unha proposta que entendo que, obviamente, cada grupo pode ter a súa e eu entón comino a todos a que na vindeira comisión de sanidade pois cada grupo pode levar as súas propostas ao respecto desta unidade de acción, e entre todos pois ver tódalas propostas que se poidan facer, porque como ben se dixo aquí a pediatría é un tema de todos e non é só do goberno municipal, nin a preocupación principal debe de ser só do goberno, todos temos unha preocupación especial polo tema de pediatría e todos debemos aportar unha solución a un tema que non é só municipal. Entón eu lle... entón eu en todo caso pois ofrezco esa man tendida pero dende o punto de vista de que todos aportemos algo nesa comisión e que todos levemos unha proposta na que poidamos partir dunha posición e que poidamos chegar a un acordo para chegar a esa... a ese punto en común para ir a esa área sanitaria e facer unha esixencia maior. Polo tanto, independentemente de que o goberno intente facer unha proposta, eu creo que sería prudente que á vindeira comisión cada un dos grupos levase unha tamén. Bueno, rematada a cuestión votamos a moción, votos a favor. Bueno, aprobouse por unanimidade.

#### **4.- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 575/2020, SOBRE EXTINCIÓN DA COMISIÓN MUNICIPAL DE SEGUIMIENTO DA EVOLUCIÓN DO COVID-19.**

**Sr. Alcalde** (que traducido di): Bueno, pasamos ao punto cuarto que é dar conta da Resolución da Alcaldía número 575/2020 sobre extinción da comisión municipal de seguimento da evolución do COVID-19. ¿Algo sobre esta cuestión?. Bueno, unha vez repostas, en todo caso, as comisións ordinarias, xa como se fixou no seu momento, pois dase traslado en cada unha das temáticas da COVID de xeito transversal a cada unha das comisións ordinarias, e polo tanto este tema xa queda pechado nese sentido.

O Pleno da Corporación dase por informado da resolución da alcaldía que de seguido se relaciona:

▪ **Resolución da alcaldía núm. 575/2020, de 06.07.2020**, sobre extinción da comisión municipal de seguimento da evolución do COVID-19.

#### **5.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E POLO CONCELLEIRO DELEGADO DE FACENDA, PERSOAL E PARTICIPACIÓN CIDADÁ DENDE O ANTERIOR PLENO ORDINARIO: RESOLUCIÓNS NÚMS. 494/2020 Á 637/2020, AMBAS INCLUSIVE.**

**Sr. Alcalde** (que traducido di): Bueno, pasamos ao punto quinto, que é dar conta das resolucións ditadas pola Alcaldía e polo Concelleiro Delegado de Facenda, Persoal e Participación Cidadá dende o anterior Pleno Ordinario, resolucións números 494 á 637/2020, ambas inclusive.

O Pleno da Corporación dáse por informado das Resolucións núms. 494/2020 á 637/2020, ambas as dúas inclusive, ditadas pola alcaldía e polo Concelleiro Delegado de Facenda, Persoal e Participación Cidadá, dende o anterior pleno ordinario.

**Sr. Alcalde** (que traducido di): E... bueno, antes de rogos e preguntas non sei si algún grupo ten algún tema por urxencia que queira formular. Non, bueno, pois entón pasamos a rogos e preguntas.

## **6.- ROGOS E PREGUNTAS.**

**Sr. Alcalde** (que traducido di): Non se... no rexistro non constan preguntas pero pode haber algún rogo por parte dalgún grupo. Entón rogos por parte de Gemino e de José Ángel. Veña, adiante.

**Sr. Varela Filgueiras**: Vamos a ver, eu teño simplemente un rogo, e é referente... alí, na Fontegrande, é certo que a xente, tanto a que vai para a Pedreira coma a que baixa, ten que desviarse e entrar na estrada debido aos coches que hai aparcados alí, naqueles chalets, que invaden toda a beirarrúa e están alí pois toda a tarde. Entón hai xente que se me queixou que di que vimos de Mehá... da Pedreira, e temos que baixar para Mugardos e temos que invadir a estrada. Non sei si se pode tomar algún tipo de medida.

**Sr. Alcalde**: José Ángel.

**Sr. Martínez Bardanca** (que traducido di): Pois eu sen ánimo de ser pesado co tema, imos a insistir un pouco no tema da limpeza de parques, praias, etc, non está a cartelería, sei que o Concello anunciou a limpeza dos parques esta semana, na páxina do Concello e nas redes sociais, pasamos polos parques, somos usuarios, e vemos que a limpeza non... non se realizou, non sei si era desinfección se foi facerse unha limpeza previa, o caso é que non está... que non está moi limpo. E tamén falta toda a cartelería das praias... isto ben do DOG, quero dicilo, porque non o dixen anteriormente nunca, é o DOG 115 do sábado 13 de xuño de 2020, estamos a día 29 de xullo e aínda seguimos sen cumprir as medidas de prevención fronte á COVID-19 tal e como as establece a Xunta de Galicia. Logo tamén neste mesmo sentido quería comentar que vimos que hai algúns veciños que teñen problemas con... non sei si son veciños ou son xente que ven a visitarnos nestes días, ten un problema co tema da mascarilla ¿non?, as mascarillas pois parece que se quedan esquecidas por moitos sitios e tal... Nós o que queríamos tamén rogar é que houbese, se é que o Concello dispón de mascarillas, que houbese á disposición dos veciños ou dos visitantes que veñen e que xa se atopan o domingo sen mascarilla, no de... por exemplo na caseta da praia, na oficina de turismo, nos locais municipais que están abertos, que puidesen ao mellor pois ter... dispoñer de mascarillas para facilitar á xente. E logo bueno, o de... en canto ao da cartelería da praia e iso pois é o mesmo que o que xa dixemos nos plenos e nas comisións anteriores así como da limpeza do mercado municipal os sábados.

**Sr. Alcalde** (que traducido di): Si, bueno, pois para comezar por algún sitio, bueno, en primeiro lugar os carteis están comprados, están comprados ¿Como?... bueno, bueno, pero imos ver, hai unha cuestión, non estiveron postos, así como por exemplo no das praias houbo un atraso considerable porque os fixo a Mancomunidade, e a tempada de praias e o DOG era a mesma data que esta, non obstante a Mancomunidade de Concellos tampouco tiña os carteis postos na época do DOG, quero dicir, a loxística ás veces vai por detrás do DOG... si, si, si, pero houbo problemas con algúns carteis en xeral, un deles foi Mugar dos, e creo lembrar que Fene tamén tivo un atraso nos carteis, por motivos inherentes á propia empresa que os xerou. Entón chegan máis tarde e tal. De tódolos xeitos na Bestarruza hai un cartel xa posto, da Mancomunidade, referente a este tema, xa leva posto varias semanas. Bueno, e en canto á desinfección dos parques, os parques se limpan e se desinfectan, independentemente de que as cousas se ensucian tamén, as rúas límpase moitas veces e vólvese a ensuciar, é máis, hai mascarillas polas rúas, non é culpa do goberno que haxa mascarillas, é dicir, hainas porque alguén as tirou, non somos nós os que as tiramos. Quero dicir, hai xente que respecta as normas e outra que non as respecta. E nos parques pasa o mesmo, é dicir, límpanse pero tamén se ensucian, é dicir, de tódolos xeitos estanse a limpar coa seguridade que se pode, polo que nalgún momento pois obviamente, pola tarde se ensuciarán ata que o día seguinte se volte a limpar. Bueno, en todo caso pode haber algún parque en concreto pois que non estea nunhas condicións tal, pero en xeral a limpeza se realiza e a desinfección se realiza de xeito diario, independentemente de que... si, pode chegar alí e facer unha foto e nese momento hai algo alí... bueno, a ver...

**Sr. Martínez Bardanca** (que traducido di): Non se trata dun tema de limpeza, de que estean limpos, porque evidentemente, efectivamente o uso... e están á intemperie pois non teñen que estar limpos, refírome a que teñen suciedade de pasar o inverno e non se limparon, teñen moho... teñen... e son cinco parques... eu, haber, tampouco... e nós non estamos facendo, non queremos facer unha... nada con este tema, simplemente estamos comentando que a situación hai que corríxila, nada máis, ou sexa, nada máis, é un rogo, non é...

**Sr. Alcalde** (que traducido di): Non home, agradecemos tódolos rogos en función de que poidamos mellorar as actuacións. É certo que todo ten problemas, a COVID evitou que poidamos ter licitacións en marcha de moitas cuestións, como son os desbroces como son calquera outro tema que obviamente pois se chega sempre máis tarde do que un tería feito nunhas condicións normais, e os parques é certo que veñen do inverno, claro, pero chegamos en decembro, e en todo caso... moito antes do inverno, quixera dicir eu, a situación dos parques é xeral e a limpeza dos parques non sempre se fixo acorde ao que debería, pero o certo é que tamén hai que poñer en marcha unha maquinaria de limpeza que coa situación económica do Concello nestes momentos tampouco... e co persoal que había ata a data, tampouco era moi posible facelo moito mellor. Agora temos máis persoal polo que se pode facer dun xeito moito mellor, e bueno, en todo caso recollemos esa cuestión, porque bueno, é verdade que sempre hai unha marxe de mellora importante e sobre todo nos parques. Polo tanto agradecemos, obviamente, o rogo que se nos fai. Bueno, e... referente ás mascarillas, tamén recollemos á cuestión referente aos posibles bañistas da praia, para o das mascarillas de tódolos xeitos... o das máscaras que o Concello ten a disposición dos veciños seguen a estar a disposición dos veciños pero e... obviamente pois para a praia se poden levar tamén mascarillas de reforzo para

poder teer alí se algunha persoa pois non ten nese momento unha mascarilla, e para que non se proceda pois a que non poida ir a disfrutar dun día de praia, en todo caso, por culpa das mascarilla. Pois recollemos tamén ese rogo e nada máis. Bueno, e non habendo máis puntos na orde do día pechamos... levantamos a sesión.

E sendo as nove horas e trinta e nove minutos do día ó comezo sinalado, polo Sr. Alcalde-Presidente levántase a sesión, de todo o cal eu, como Secretario Accidental, dou fe.

Vº e praxe  
O ALCALDE